

PEZA DO MES

xaneiro

2026



COMPOSICIÓN DE LETRAS CAPITULARES

Composición de letras capitulares

Alguén entrou non salón de D. Celidonio e dixo:
– A Biblioteca Municipal está ardendo!
A música emprincipiou outra tocata.

Vicente Risco, *O Porco de pé*. 1928

Con este parágrafo, que pecha a novela, Risco parodia a falta de reacción do Concello de Ourense na traxedia vivida na noite do 7 ao 8 de decembro de 1927. Nesa noite, cara ás 4 da mañá, o garda municipal que comeza o servizo nocturno detecta lume no Instituto Nacional de Segundo Ensino (hoxe Instituto Otero Pedrayo), pola esquina das rúas Pai Feijoo e García Mosquera. O incendio non se extinguiu ata as dez da mañá, e nel destruíuse a Biblioteca Provincial, o Museo Arqueolóxico, o Salón Árabe e a Escola Normal de Mestres.

Como é habitual nestes casos, as causas do incendio nunca quedaron completamente esclarecidas; culpouse a instalación eléctrica, un suposto braseiro ou cigarros ou fósforos mal apagados. Tampouco o equipo de bombeiros se salvou das críticas pola súa falta de adestramento específico, pero ningunha culpa quedou finalmente demostrada.

No momento do incendio, a Biblioteca Provincial tiña uns fondos estimados en 18.000 volumes. Entre eles destacaban, segundo o diario *La Región*, gran número de cartas xeográficas, así como facistois e santorais de grandes dimensións. Dado que a evolución do lume estaba a ser moi intensa na zona de exemplares provenientes dos mosteiros desamortizados, para tentar o salvamento dos incunables da biblioteca (...) *o alcalde ordenou a colocación dunha manguera nese punto (...) era tan violento o lume (...) que a auga dirixida polos bombeiros resultaba impotente e ineficaz para conter aquel*.

Aínda que a zona do Museo Arqueolóxico non sufriu tanto o lume, os danos na biblioteca foron enormes. A parte que se puido rescatar, nos días seguintes, instalouse en locais próximos cedidos voluntariamente por distintos cidadáns.

Non temos descrições sobre como quedaron os fondos libraríos rescatados. Probablemente, as encadernacións e a zona externa dos libros estarían completamente queimados. A auga empregada no proceso de extinción empaparíaaos. A súa instalación posterior en locais inadecuados, en pleno inverno, fai pensar en problemas de humidade, falta de ventilación, po e en xeral todo o necesario para que se desenvolva un espectacular ataque fúnxico. Entramos aquí nun momento de pura especulación,

pero podemos supoñer que foi neste momento e lugar cando Joaquín Lorenzo, Xocas, puido ter contacto co que quedou da Biblioteca Provincial.

Xocas foi unha personalidade destacada da cultura e a etnografía galegas, membro do Seminario de Estudos Galegos e da Real Academia Galega. Principal impulsor da creación do Museo do Pobo Galego, a súa vocación e compromiso apareceron moi pronto: nado en Ourense en 1907, tiña 20 anos cando sucedeu o incendio do instituto en que estudou.

Temos testemuñas que dan fe de que nalgún momento da súa vida Xocas recortou letras capitulares de cantorais escritos sobre pergamino sobreviventes ao incendio. Con elas creáronse dúas coleccións distintas: por unha banda, creou 5 composicións enmarcadas diferentes; e por outra, depositou nun sobre outras letras, sendo o total de 69 letras, dunhas 7 unidades de escritura diferentes. Hoxe consérvanse todas no Museo Arqueolóxico Provincial de Ourense.

A técnica do recorte e montaxe de letras capitulares

O recorte de manuscritos é unha práctica antiga que ten distintas intencións ao longo da historia. Na época medieval e moderna, na que o prezo dun manuscrito era moi considerable, recortábanse partes especialmente estimadas nos exemplares deteriorados ou considerados ilexibles pola súa grafía, para achegalos a novos exemplares.

No século XVIII, dentro do contexto moi erudito dos primeiros paleógrafos, comeza o recorte e a montaxe de capitulares con fins didácticos.

Na Europa do século XIX relaciónase co coleccionismo e o comercio de antigüidades. Desde o principio foi polémico, aínda que moi popular nunha época en que, grazas aos procesos desamortizadores e ao aumento do público escolarizado, aumentaron exponencialmente tanto os códices medievais e modernos belamente decorados dispoñibles no mercado, como as persoas que valoraban estas mercadorías. As letras miniadas foron a vítima perfecta desta confluencia de factores, xa que reunían, nun tamaño reducido, unha suma de valores históricos e estéticos a un prezo moderado e permitían, por tanto, que os burgueses puidesen lucir estas pezas nos seus fogares montadas en composicións didácticas. Varios coleccionistas madrileños, como Rico e Sinobas, Guillermo de Osuna, o Marqués de Zabálburu e Lázaro Galdiano, rivalizaban entre si por ver quen tiña a mellor colección de capitulares. Estas personalidades non mutilaban por si mesmos os textos, senón que unha cadea de intermediarios ofrecíanlles xa recortadas.

Non faltou quen denunciou a mutilación do legado cultural que supón o recorte, pero houbo tamén

quen o viu como unha vía para conservar e difundir os elementos máis vistosos, considerados como máis significativos. En 1901, a Biblioteca Nacional negouse a adquirir a colección de recortes de Rico e Sinobas, para non fomentar a práctica; foi o Museo Arqueolóxico Nacional quen o fixo, buscando non perder a colección.

Entendo entón que no momento en que Xocas viu os restos das coleccións da Biblioteca tivo ante si unha solución á vez popular e polémica. El debeu ver composicións de letras recortadas con anterioridade, pero sabía ben que efectuar o recorte eliminaría unha parte fundamental do contexto da obra, que permitise establecer a cronoloxía, orixe e localización das pezas. Por iso creo que se interpretou, dado o probable estado dos códices, que o recorte para conservar as letras era unha intervención restauradora e conservadora. Faltaba moito aínda para a existencia das técnicas actuais de conservación e restauración documental; nunca saberemos que poderíamos facer hoxe con eses mesmos materiais.

Tampouco temos a certeza de que fose Xocas quen realizou as montaxes. É peculiar que, ao realizalas, algunhas letras se colocaron, erroneamente, viradas 180º.

A Codicoloxía

A Codicoloxía, tamén chamada *Arqueoloxía do libro*, é unha disciplina que investiga o aspecto material dos libros manuscritos. Aínda que a asociamos co período medieval, pódese aplicar a calquera volume manuscrito e a diferentes aspectos relacionados coa escritura ou a lectura, como poden ser os útiles escritorios, as tintas, os soportes, as encadernacións ou os lugares en que se realizaban os códices. A codicoloxía intenta aclarar como se materializou o exemplar e o camiño que o levou ata as nosas mans. Os seus métodos achegan luz ás montaxes do Mapou.

A orixe dos códices

A Biblioteca Pública de Ourense fundouse en 1845. Considerábase a segunda biblioteca en importancia de Galicia, con 12.000 volumes en 1847. Destacará polagran cantidade de obxectos libraríos provenientes dos mosteiros desamortizados, que chegaron aquí grazas ao labor dun monxe do Mosteiro de Celanova, o Pai Bonifacio Ruiz. Grazas a el, a biblioteca contará con gran cantidade de documentos, manuscritos e incunables provenientes, entre outros, de Oseira, Celanova, Santo Estevo de Ribas de Sil, San Clodio e Montederramo.

Cales foron os libros dos que se cortaron estas letras?

Os libros recortados foron cantorais, grandes exemplares feitos para seren apoiados nun atril

ou facistol, desde o que os monxes, nos oficios relixiosos, poderían ler e cantar nos seus asentos do coro monacal. Ao desaparecer as comunidades monásticas, estes grandes volumes perden o seu sentido, e os folios e bifolios que conteñen pasan a ter diferentes usos. A cronoloxía abarca os séculos XVI e XVII.

O conxunto comprende oito unidades de escritura. Non sabemos o número de libros dos que proveñen, xa que unha mesma encadernación podía reunir varias unidades.

Pola colocación e tamaño das letras, unha puido formar parte dun libro de horas, ao comezar por «Ma»: o oficio de vésperas, que se inicia co *Magnificat*.

A gran E que centra outra das composicións puido corresponder a un Exordio, que inicia o Oficio de Semana Santa.

«A arte de escribir» de Juan de Iciar: o modelo gráfico das letras capitulares do Mapou.

Para entender a forma en que se escribiron estes cantorais podemos apoiarnos en Juan de Iciar, un *escritor de libros de Yglesia* moi apreciado na súa época que publicou en Zaragoza, en 1548, «A arte de escribir», onde achega receitas, consellos e mostras de caligrafía que tiveron gran repercusión. Os seus modelos gráficos son os que seguen as letras capitulares das composicións do Mapou. En concreto, úsanse as letras crebadas, caudinales, casos de compás e letras de compás para iluminadores. Os cantorais realizábanse en pergamiño obtido dunha soa pel vacúa, de case 0,50 m². Como Iciar recomendaba, a tinta negra é ferrogálica; para escribir as letras quebradas prescribe pluma de vóitre e tinteiro de chumbo. As cores empregadas son tintas e pinturas verde, vermello e azul, unha paleta sinxela usada con creatividade, quizá realizada no propio mosteiro, con axuda de receitas de longa tradición. Os utensilios deberon ser plumas, de ave ou metálicas, ben afiadas; pinceis, e quizá un pautador tanto para gravar as liñas sobre as que se escribirá o texto como para puntar a música. As decoracións seguen modelos medievais, como taraceas, filigranas, vexetais e fondos xeométricos.

Estas montaxes reflicten unha verdade incómoda, a demasiado longa historia das mutilacións do noso patrimonio. Pero, ao deternos e indagar, podemos chegar a conclusións insólitas, como que se abran ante os nosos ollos as pezas sobreviventes de bibliotecas monásticas perdidas, que destacan pola súa calidade. A firmeza do trazo, a falta de debuxo previo, o xogo de cores e a finura da liña abre unha xanela a como foron estes libros xa perdidos.



CLAUSTRO DO PATIO DO MUSEO ARQUEOLÓXICO NA SÚA SEDE DA PRAZA MAIOR



ENTRADA Á SALA DE ESCULTURA DO MUSEO ARQUEOLÓXICO PROVINCIAL SITUADA AO LADO DO CLAUSTRO DE SAN FRANCISCO



INTERIOR DA SALA DE ESCULTURA DO MUSEO ARQUEOLÓXICO PROVINCIAL

MUSEO DE OURENSE

O edificio histórico que é a sede do museo está pechado ao público por obras de reforma. Aínda así, cando é posible facilítase a súa visita, libre e tamén con posibilidade de guía, para coñecer os restos conservados e descubertos como resultado da intervención arqueolóxica realizada. O soar foi ocupado dende a época romana –da que quedan algúns testemuños fragmentarios, pero relevantes na historia da cidade de Ourense–, e seguidamente por unha necrópole altomedieval, para finalmente erguer nel o Pazo do Bispo de Ourense, construción civil románica do século XII, moi completa e que se definiu na súa totalidade espacial e volumétrica, aínda que foi obxecto de engadidos e modificacións ata configurar o actual conxunto, monumento histórico-artístico declarado en 1931.

ESCOLMA DE ESCULTURA

En canto se realizan as obras de remodelación ofrécese aos visitantes unha visión das coleccións do museo a través dunha coidada selección de pezas de escultura, dende a protohistoria ao Barroco, na sala San Francisco. Esta é a antiga igrexa da Venerable Orde Terceira (VOT) de San Francisco, que se sitúa ao lado do cemiterio e do exconvento do mesmo nome, onde están o claustro gótico e a nave da igrexa cos seus monumentos funerarios góticos e renacentistas.

Teléfono: 988 788 417

Horario de visita:

De martes a sábado: das 9.00 ás 21.00 h ininterrompido

Domingo: das 9.00 ás 15.00 h

Pechado os luns e festivos oficiais

Outros servizos do museo

Os servizos de información xeral, biblioteca e consulta de investigadores están dispoñibles na situación provisional do museo, na rúa Xílgaro, s/n (Centro Santa María de Europa, A Carballeira), 32002 Ourense.

Teléfono: 988 788 439

Horario de atención ao público: de luns a venres, das 9.00 ás 14.00 h e das 16.30 ás 20.00 h

www.musarqourense.xunta.es
mapour@xunta.es

PEZA DO MES:

EDITA: Museo Arqueolóxico Provincial de Ourense

TEXTO: Eva María Tobal Oubiña

ISSN: 1579-9956

FOTOGRAFÍA: Fernando del Río Martínez

MAQUETA: Araceli Gallego Blanco

